

# Anuario Climatolóxico de Galicia 2006

XUNTA DE GALICIA

COLECCIÓN TÉCNICA  
MEDIO AMBIENTE









# **Anuario climatolóxico de Galicia 2006**

Edita: **Consellería de Medio Ambiente de Desenvolvemento Sostible**  
**Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible**  
San Lázaro, s/n  
15781 - Santiago de Compostela  
Tel.: 981 541 763. Fax: 981 541 765  
Enderezo web: <http://medioambiente.xunta.es/>

Maquetación:  
**ocumo**deseño

Imprime: **Litonor**  
ISBN: 978-84-453-4532-0  
Dep. leg.: C 4079-2007

Coordinación:

- Centro de Investigación e Información Ambiental  
Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible  
Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible  
Xunta de Galicia
- MeteoGalicia  
Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible  
- Universidade de Santiago de Compostela

Redactores:

- Santiago Salsón Casado, Paloma Barreiros Alonso, Lino Rafael Naranjo Díaz,  
Juan José Taboada Hidalgo, Raquel Cruz Guerrero, José Antonio Souto González  
e Vicente Pérez Muñuzuri.  
MeteoGalicia. Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.  
Xunta de Galicia.





# ÍNDICE

• PRÓLOGO .....	9
• INTRODUCCIÓN .....	11
• MAPA: LOCALIZACIÓN DAS ESTACIÓNS .....	15
• COORDENADAS DAS ESTACIÓNS .....	17
• CONDICIÓN SINÓPTICAS .....	19
• RESUMO POR VARIABLE .....	33
Temperatura media .....	35
Temperatura máxima media .....	36
Temperatura mínima media .....	37
Oscilación térmica media .....	38
Temperatura máxima absoluta .....	39
Temperatura mínima absoluta .....	40
Humidade estándar .....	41
Precipitación total .....	42
Precipitación máxima en 24 horas. ....	43
Balance hídrico .....	44
Horas de sol .....	45
Insolación .....	46
Vento .....	47
Chuvia .....	48
Xeada .....	49
Orballo/rosada e néboa .....	50
Irradiación media diaria e IUV máximo .....	51
• RESUMO POR ESTACIÓN .....	53
<b>A CORUÑA</b>	
CIS Ferrol-A.....	59
Corrubedo-A.....	60
Fontecada-A .....	61
Mabegondo-A.....	62
Marco da Curra-A .....	63
Melide-A .....	64
Monte Xalo-A .....	65
Muíños.....	66
Muralla-A .....	67
Punta Candeeira-A .....	68
Río do Sol.....	69
Santiago-EOAS-A.....	70
Sergude.....	71
<b>LUGO</b>	
Ancares, Os-A .....	75
Bóveda.....	76
Campus Lugo-A .....	77
<b>LUGO</b>	
Conchada.....	78
Folgueiras de Aigas.....	79
Fragavella-A.....	80
Guitiriz-A .....	81
Marroxo-A.....	82
Monte Panda.....	83
Pedro Murias-A .....	84
Sambreixo.....	85
Santalla .....	86
Serra Vacaloura .....	87
Xipro, O.....	88
Xunqueira .....	89
<b>OURENSE</b>	
Alto do Rodicio-A.....	91
Castelo da Pena .....	92
Invernadeiro, O-A.....	93
Ourense-Ciencias-A .....	94

<b>OURENSE</b>		<b>PONTEVEDRA</b>	
Pedreirño .....	95	Castrove-A.....	106
Petarelas, As .....	96	Corón-A.....	107
Pielas .....	97	Fornelos de Montes-A.....	108
Serra do Eixe .....	98	Illas Cíes .....	109
Verín-A .....	99	Lourizán-A .....	110
Xurés, O-A .....	100	Monte Aloia-A .....	111
<b>PONTEVEDRA</b>		Mouriscade-A.....	112
Arcos da Condesa.....	103	Pereira.....	113
Carballedo .....	104	Queimadelos-A.....	114
Castro Vicaludo-A.....	105		
• GLOSARIO .....		115	

## PRÓLOGO

O *Anuario climatolóxico de Galicia 2006* é a oitava entrega desta serie de publicacións en que se resume dende o punto de vista meteorolóxico e climatolóxico o ano 2006. Os anuarios de anos anteriores, xunto con información meteorolóxica e climatolóxica adicional, poden atoparse no Sistema de Información Ambiental (SIAM), dependente da Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible (<http://www.siam-cma.org>). Esta publicación sen dúbida contribúe a incrementar o coñecemento do noso clima de xeito que nos permita adoptar as decisións máis acertadas nun cambiante escenario de futuro en que a presenza de riscos naturais de orixe meteorolóxica probablemente sexan máis frecuentes.

O ano 2006 foi un ano de fortes contrastes en precipitación, xa que nel atopamos períodos secos, como o dos meses de abril a xullo, e meses extremadamente chuviosos, como foi o caso de outubro ou novembro. É de salientar a importancia das chuvias localmente moi intensas en localidades como Vilagarcía de Arousa, Cee, etc., que deron lugar a inundacións importantes. A precipitación total en Fontecada (concello de Santa Comba) no mes de outubro acadou os 624 mm, aproximadamente o triplo do valor normal nesa zona, feito que se relaciona coas inundacións da zona de Cee. En novembro destacaron especialmente os días 18 e 27, cando mesmo se superou o limiar de 30 litros nunha hora nalgún punto da costa da Coruña, como foi o caso de Ribeira o día 18, e moi especialmente na zona do Salnés en Pontevedra. Na estación de Corón, por exemplo, recolléronse 35.8 litros entre as 5 e as 6 da tarde do día 27 e 109 litros no total do día.

No que respecta ás temperaturas, foi un ano cálido no cal a meirande parte dos meses superaron os valores agardados, destacando sobre todo o período de abril a novembro. O verán foi especialmente cálido no conxunto de Galicia, e así, por exemplo, na estación de Lourizán (Pontevedra) igualouse o máximo histórico de temperatura máxima media (28.1 °C, o precedente era do ano 1989) en xullo, e en agosto acadouse un novo récord na media das temperaturas máximas, 29.5 °C, superando mesmo o valor do ano anterior, que xa batera o récord da serie.

Finalmente, quero aproveitar a presentación deste anuario para amosarlles o noso agradecemento aos observadores pola súa colaboración na recollida dos datos procedentes das estacións manuais e moi especialmente quero recordar a D. Manuel Fernández Sanjurjo, observador meteorolóxico da estación de Monte Panda que faleceu ao longo do ano 2007. Os datos recollidos, xunto cos provenientes da rede de estacións automáticas, permitíronlle a MeteoGalicia (<http://www.meteogalicia.es>), servizo meteorolóxico da Xunta de Galicia, elaborar este anuario.

Manuel Vázquez Fernández

Conselleiro de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible



# INTRODUCCIÓN

O *Anuario climatolóxico de Galicia* é un documento en que se recollen todos os datos ofrecidos polas estacións meteorolóxicas dependentes da Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia. Na rede intégrase tamén a estación de Corón, dependente do Centro de Investigacións Mariñas en Vilanova de Arousa.

Dende a instalación da primeira estación de observación meteorolóxica de carácter manual, que data do ano 1955, a rede de observación foise ampliando de maneira progresiva ata quedar configurada na actualidade por 33 estacións manuais repartidas por toda a xeografía galega. No ano 1998, comezouse a instalación dunha moderna rede de estacións automáticas, integrada actualmente por 63 estacións con transmisión de datos en tempo real. Neste anuario de 2006 utilizouse a información daquelas estacións que contan con suficiente número de datos no ano considerado. Ao longo deste documento, para indicar que a estación é automática, engadíuselle un ‘A’ ao nome da estación.

En todas as estacións manuais, diarias ou semanais, mídense unhas variables comúns:

- Temperatura máxima diaria a 1.5 m.
- Temperatura mínima diaria a 1.5 m.
- Humidade máxima diaria a 1.5 m.
- Humidade mínima diaria a 1.5 m.
- Percorrido do vento (diario ou semanal).
- Precipitación (diaria ou semanal).

Ademais, nalgunhas delas, mídense tamén as horas de sol, coas que se calcula a insolación.

No caso das estacións automáticas, onde a frecuencia da toma de datos é dezminutal, as variables rexistradas son:

- Temperatura e humidade relativa a 1.5 m.
- Presión.
- Velocidade e dirección do vento a 10 m.
- Precipitación.
- Radiación solar global en once das estacións e índice ultravioleta máximo en cinco delas.

A partir dos datos das estacións manuais e automáticas, realizouse unha análise estatística climatolóxica para o ano 2006. Naquelas localizacións en que se dispón de estación manual e automática, tomáronse soamente os da estación automática, agás no caso das variables “horas de sol” e “insolación”, para as cales foron considerados os datos da estación manual.

No apartado *condicións sinópticas* recóllese unha análise das situacións sinópticas predominantes que lle afectaron a Galicia ao longo de cada mes. Así mesmo, preséntanse mapas mensuais das anomalías de precipitacións, presións e temperaturas máximas e mínimas.

No apartado denominado *resumo por variable* preséntanse, para cada unha das estacións, os valores mensuais dunha serie de variables. Co obxectivo de que os valores fosen representativos, tomouse como criterio a utilización dos datos sempre que o número de valores dispoñibles sexa superior ao 60% do total dos rexistros mensuais no caso de valores medios e dun 80% no caso de valores acumulados. Nas estacións automáticas estableceuse un mínimo do 75% de datos dezminutais para considerar o día con datos. Os valores anuais indícanse só cando o número de meses con observacións válidas foi superior ao 60%. No caso de valores medios, máximos ou mínimos, indícanse as estacións que tiveron observacións entre un 60% e un 80% dos meses. No entanto, no caso dos valores acumulados, sinálanse todas aquelas estacións en que o ano non está completo, xa que nestes casos os valores acumulados non poden ser comparados cos doutras estacións.

As variables tabuladas son as seguintes:

- Temperatura media (°C). Indícase tamén a media anual.
- Temperatura máxima media (°C). Indícase tamén a media anual.
- Temperatura mínima media (°C). Indícase tamén a media anual.
- Oscilación térmica (°C). Indícase tamén a media anual.
- Temperatura máxima absoluta (°C). Indícase tamén a máxima absoluta anual.
- Temperatura mínima absoluta (°C). Indícase tamén a máxima absoluta anual.
- Humidade estándar (%). Indícase tamén a media anual.
- Precipitación total acumulada (mm). Indícase tamén a chuva acumulada anual.
- Precipitación máxima en 24 horas (mm). Indícase tamén a máxima anual.
- Balance hídrico. Indícase tamén o balance anual.
- Horas de sol (horas/mes). Indícase tamén o total anual. Sinálanse aquelas estacións automáticas en que se tomaron os datos das correspondentes manuais.
- Insolación (%). Indícase tamén a media anual.
- Velocidade media do vento (m/s). Indícase tamén a media anual.
- Chuvia (días). Indícase tamén o total anual.
- Xeada (días). Indícase tamén o total anual.
- Orballo/Rosada (días). Indícase tamén o total anual.
- Néboa (días). Indícase tamén o total anual.
- Irradiación media diaria. Indícase tamén a media anual.
- Índice ultravioleta máximo. Indícase tamén o máximo anual.

No apartado *resumo por estación* recóllese para cada unha das estacións a seguinte información:

- Resumo anual para as seguintes variables (cando se miden na estación):
  - Media anual da temperatura media diaria.
  - Media anual das temperaturas máximas diarias.
  - Media anual das temperaturas mínimas diarias.
  - Temperatura máxima absoluta.
  - Temperatura mínima absoluta.



Para as temperaturas máxima e mínima absolutas, indícase a data en que se rexistrou o devandito valor. No caso de varias datas, amósase a primeira e a última.

- Media anual da humidade estándar.
  - Precipitación anual total.
  - Horas de sol totais no ano.
  - Media anual da irradiación media diaria.
  - Índice UV máximo acadado no ano.
  - Media anual da velocidade media do vento.
- 
- Gráfica de evolución das temperaturas mensuais máximas e mínimas, tanto medias como extremas. Representábase tamén o número de días de xeadas.
  - Gráfica de evolución da precipitación total, o balance hídrico e a temperatura media mensuais.
  - Gráfica de evolución da humidade estándar, a porcentaxe de insolación e o máximo valor do índice UV en cada mes.
  - Rosa dos ventos e velocidade media do vento en cada unha das direccións representadas, indicando a porcentaxe de días de calma (ventos con velocidade inferior ou igual a 1.5 m/s).

Cada un dos tipos de gráficas mostra a mesma escala en todas as estacións, de xeito que as gráficas se poden comparar visualmente.

Ao comezo deste apartado inclúese unha páxina na cal se mostra un esquema da información por estación. Nela explícanse os datos e as gráficas que se amosan nesta sección.

Os datos recollidos polas estacións automáticas e manuais, así como os seus resumos, pódense atopar a través da Internet no Sistema de Información Ambiental de Galicia ([www.siam-cma.org](http://www.siam-cma.org)).



## MAPA: LOCALIZACIÓN DAS ESTACIÓNS





## COORDENADAS DAS ESTACIÓNS

ESTACIÓ	CONCELLO	ANO DE INSTALACIÓN	UTMX-29T	UTMY-29T	ALTITUDE
<b>A CORUÑA</b>					
CIS Ferrol-A	Ferrol	1999	560575	4815596	35
Corrubedo-A	Ribeira	1999	497788	4711340	30
Fontecada-A	Santa Comba	2003	510673	4757523	365
Mabegondo-A	Abegondo	2000	560035	4787795	98
Marco da Curra-A	Monfero	2000	589723	4799415	645
Melide-A	Melide	2003	583063	4751027	475
Monte Xalo-A	Culleredo	1999	548165	4787002	510
<b>Muños</b>	Zas	1983	502146	4764251	490
Muralla-A	Lousame	2001	518434	4732856	650
Punta Candeeira-A	Cedeira	2004	576460	4839690	244
<b>Río do Sol</b>	Coristanco	1982	525478	4770587	340
Santiago-EOAS-A	Santiago de Compostela	2005	536112	4747353	255
Sergude	Boqueixón	1991	544164	4741185	226
<b>LUGO</b>					
Ancares, Os-A	Cervantes	1999	669920	4742923	1365
Bóveda	Bóveda	1981	623606	4717891	400
Campus Lugo-A	Lugo	1999	618765	4761198	420
<b>Conchada</b>	Quiroga	1981	641837	4705345	600
<b>Folgueiras de Aigas</b>	Navia de Suarna	1981	669976	4758503	910
Fragavella-A	Abadín	2003	625715	4812475	605
Guitiriz-A	Guitiriz	1999	598922	4786880	690
Marroxo-A	Monforte de Lemos	1999	623291	4703593	630
<b>Monte Panda</b>	Pol	1988	641017	4778172	605
Pedro Murias-A	Ribadeo	2000	654986	4822541	45
<b>Sambreixo</b>	Guitiriz	1990	598550	4777692	498
<b>Serra Vacaloura</b>	Portomarín	1995	601970	4741768	795
Xipro, O	A Fonsagrada	1978	660504	4782755	840
Xunqueira	Viveiro	1991	612845	4834430	15
<b>OURENSE</b>					
Alto do Rodicio-A	Maceda	1999	616296	4683835	962
<b>Castelo da Pena</b>	Vilardevós	1984	636358	4642815	670
Invernadeiro, O-A	Castrelo do Val	2000	636971	4664276	1020
Ourense-Ciencias-A	Ourense	2004	594381	4688935	168
<b>Pedreiño</b>	Entrimo	1983	573955	4643896	720
<b>Petarelas, As</b>	Rubí	1992	670470	4703269	555
<b>Pielas</b>	San Cristovo de Cea	1990	585455	4708064	680
<b>Serra do Eixe</b>	O Barco de Valdeorras	1977	664341	4691308	1225
Verín-A	Verín	2001	632770	4648322	555
Xurés, O	Lobios	1999	584682	4639012	1000

<b>PONTEVEDRA</b>					
<b>Arcos da Condosa</b>	Caldas de Reis	1988	531354	4713851	145
Carballedo	Cotobade	1993	541735	4702509	350
Castro Vicaludo-A	Santa María de Oia	2004	511215	4649391	473
Castrove-A	Poio	2001	524471	4701077	415
Corón-A	Vilanova de Arousa	2002	520514	4714577	7
Fornelos de Montes-A	Fornelos de Montes	2002	549551	4685171	705
Illas Cíes	Vigo	1998	508050	4674377	15
Lourizán-A	Pontevedra	2001	527746	4695497	60
Monte Aloia-A	Tui	2000	526608	4658156	410
Mouriscade-A	Lalín	2000	570877	4718272	501
<b>Pereira</b>	Forcarei	1990	555880	4720398	715
Queimadelos-A	Mondariz	1999	547276	4675193	360

*Negra*: observación semanal da precipitación e do vento.

*Resto*: observación diaria nas manuais e dezminutal nas automáticas (-A).




## **CONDICIÓN SINÓPTICAS**



## XANEIRO

### Mes seco e frío, dominado polas situacións anticiclónicas


O mes de xaneiro comezou baixo a influencia das baixas presións, de xeito que durante os dous primeiros días do ano se rexistraron precipitacións, pouco intensas en xeral. Logo de dúas xornadas anticiclónicas, o día 5 unha fronte fría pasou por Galicia, deixando abundantes nubes e chuvias xeneralizadas. A partir do día 7 e ata o 12 viviuse unha primeira xeira anticiclónica con 5 xornadas secas, soleadas pero moi frías, con xeadas xeneralizadas en toda a Comunidade. Entre os días 13 e 18 dous centros de baixas presións sucesivos deixaron un tempo con temperaturas máis suaves pero chuvias de carácter xeneralizado, de intensidade moderada nas xornadas do 15 e do 17. A partir do 19 un potente anticiclón situouse ao norte da península Ibérica, deixando un tempo estable en Galicia, seco, soleado, pero con xeadas e néboas xeneralizadas no interior. Este episodio anticiclónico soamente se viu alterado na xornada do 28 coa chegada dunha masa de aire polar continental, que ao cargarse de humidade no golfo de Biscaia deixou nevaradas en toda a Comunidade, nevando practicamente en toda Galicia, mesmo en puntos como Ourense capital, onde este meteoro non é frecuente. Polo tanto, a situación máis repetida foi a anticiclónica, e isto reflíctese no mapa de anomalías de presión con anomalías positivas ao norte da península Ibérica.



Anomalías de presión a nivel medio do mar

**Precipitación:** As precipitacións neste mes foron moi escasas, xa que, agás nas xornadas do 15 e do 17, practicamente non se rexistraron chuvias de importancia. En xeral en toda Galicia pódese dicir que choveu menos da metade do normal, considerando normal o valor medio dos últimos 30 anos.

**Temperaturas:** As temperaturas mínimas foron baixas, é dicir, menores da media agardada en toda Galicia. Isto débese á persistencia de situacións anticiclónicas, que deixan os ceos despexados e, polo tanto, temperaturas baixas de madrugada, con xeadas xeneralizadas. Non obstante, esas mesmas situacións anticiclónicas deixan temperaturas moi suaves en toda a Comunidade e, xa que logo, os valores máximos medios deste mes son comparables coa media agardada.



Anomalías porcentuais de chuva


Anomalías de temperaturas máximas medias

Anomalías de temperaturas mínimas medias

## FEBREIRO

### Mes seco durante a primeira metade e frío e chuvioso ao final

O mes de febreiro tivo dúas partes claramente diferenciadas. Durante as primeiras 14 xornadas o predomínio foi claramente anticiclónico, deixando xornadas secas e moi soleadas. Ao longo deses días as temperaturas máximas foron moi agradables, incluso superiores ás agardadas para esa época do ano, pero as mínimas mantivéronse frías, ocasionando moitas xornadas con xeadas. É dicir, foron días con moita oscilación térmica. A partir do día 13, o anticiclón, que estivera centrado nos primeiros días do mes ao norte da península Ibérica, comezou a debilitarse, chegando unha primeira fronte de chuvias na xornada do día 14.




Anomalías de presión a nivel medio do mar


Os días do 15 ao 18 foron os máis chuviosos do mes, con ventos do oeste moi intensos. A partir do día 19 as chuvias non foron tan intensas, pero os ventos viraron a compoñente norte, ocasionando a entrada dunha masa de aire frío e cargado de humidade, que fixo descender a cota de neve por debaixo dos 1000 metros, deixando cuantiosas nevaradas que lle afectaron a toda a Comunidade, pero foron particularmente intensas nas áreas montañosas da provincia de Lugo. As nevaradas máis cuantiosas tiveron lugar o luns días 20 e na tarde-noite do venres 24. Este cambio nos patróns atmosféricos fai que no mapa de anomalías de presión en superficie non se observen patróns moi definidos.

**Precipitación:** As precipitacións durante este mes foron normais ou superiores á media en moitos puntos de Galicia, incluída toda a metade norte. Isto débese ás precipitacións, cuantiosas e moi persistentes, da segunda metade do mes. Na metade sur de Galicia rexistráronse valores de chuvia inferiores á media climática, debido a que o cambio dos ventos a compoñente norte a partir do día 19, deixou poucas precipitacións nestas áreas.


**Temperaturas:** As temperaturas mínimas foron novamente moi baixas en toda a Comunidade, como sucedera no mes de xaneiro, o que está a configurar un inverno frío. Pódese citar como exemplo que en Lugo capital as temperaturas mínimas marcaron valores baixo cero en 16 dos 28 días do mes. As temperaturas máximas pódense considerar normais, cunha primeira parte do mes con temperaturas máis altas do normal e unha finalización con temperaturas máximas tamén baixas.



Anomalías porcentuais de chuvia



Anomalías de temperaturas máximas medias




Anomalías de temperaturas mínimas medias

## MARZO

### Mes chuvioso con temperaturas suaves


O mes de marzo estivo marcado polo paso de sucesivos centros de baixas presións polo Atlántico con frentes de chuvia asociadas que afectaron practicamente a toda a península Ibérica e particularmente á zona de Galicia. Deste xeito, o mes comezou con chuvias na primeira semana, que foron particularmente abondosas o sábado día 4, cando ademais viñeron acompañadas de fortes ventos. Os seguintes días foron de situación intermedia entre as altas e as baixas presións, pero sempre con ventos de compoñente oeste que deixaron ceos nubrados e chuvias débiles. Na terceira semana a nosa Comunidade estivo baixo os efectos do único anticiclón que chegou ata as nosas latitudes durante este mes, deixando catro días secos, soleados e con altas temperaturas diúrnas. Esta melloría rematou bruscamente na xornada do venres día 17. A partir dese momento, as dúas semanas seguintes Galicia rexistrou 14 días consecutivos de chuvia, destacando particularmente o día 23, con chuvias moi intensas en toda a Comunidade que ocasionaron desbordamentos de ríos en moitos puntos, acompañados de fortes ventos. Esta situación reflíctese no mapa de anomalías de presión en forma de anomalías negativas sobre o Atlántico.



Anomalías de presión a nivel medio do mar

**Precipitación:** As precipitacións durante este mes foron en xeral superiores á media en toda Galicia, pero choveu de xeito moi intenso principalmente nas Rías Baixas e no sur da provincia da Coruña. Nestas áreas acumuláronse cantidades entre 300 e 400 l/m<sup>2</sup>, superándose polo tanto o dobre da cantidade esperada.

**Temperaturas:** As temperaturas mínimas tiveron un comportamento normal durante este mes, pero con tendencia a superar os valores normais, debido a que o predominio dos ventos do sudoeste e a nebulosidade non deixaron madrugadas moi frías en Galicia durante o mes de marzo. O mesmo se pode dicir das temperaturas máximas, que se viron impulsadas pola prevalencia dos ventos de compoñente sur e pola situación anticiclónica da terceira semana, cando Ourense capital chegou a marcar a temperatura máis alta de España, aínda que a gran cantidade de xornadas con ceos cubertos deixou nalgúns puntos temperaturas por debaixo da media agardada.



Anomalías porcentuais de chuvia


Anomalías de temperaturas máximas medias

Anomalías de temperaturas mínimas medias

ABRIL

Mes seco con temperaturas suaves e situacións sinópticas moi cambiantes

Durante o mes de abril a situación predominante foi a anticiclónica, rexistrándose soamente oito días de chuva xeneralizada en Galicia. Deste xeito, o mes comezou baixo os efectos dun centro de baixas presións que deixara chuvias abondosas nos derradeiros días do mes anterior, pero que rapidamente foi substituído por altas presións que deixaron ceos despexados e temperaturas altas durante os días 2 e 3. Os seguintes tres días un novo centro de baixas presións deixou chuvias persistentes, principalmente o día 4. A partir do día 7 un anticiclón de bloqueo situouse ao norte de Galicia, deixando un período de dez días de




Anomalías de presión a nivel medio do mar


tempo moi estable, seco, soleado e con altas temperaturas. Este tempo estable colleu boa parte da Semana Santa, ata que durante a tarde do Venres Santo o tempo comezou a empeorar e tivemos precipitacións xeneralizadas nos seguintes dous días. As dúas derradeiras semanas do mes estiveron caracterizadas por altas presións e un tempo estable, agás nas xornadas do 20 e 21, cando o achegamento de baixas presións atlánticas deixou chuvias e un notable descenso térmico. Esta situación deixa anomalías positivas de presión sobre o Atlántico, ao norte de Galicia.

**Precipitación:** As precipitacións durante este mes foron, en xeral, inferiores á media en toda Galicia tanto en número de días de chuva como en cantidade de precipitación rexistrada. En xeral pódese dicir que as chuvias acumuladas foron aproximadamente a metade das agardadas durante un mes de abril medio en Galicia, salvo en puntos dispersos da nosa Comunidade, onde as chuvias se aproximaron aos valores normais.


**Temperaturas:** As temperaturas foron máis altas que as esperadas para este mes por mor da duración e intensidade dos episodios anticiclónicos. Este efecto é máis notorio no caso das temperaturas máximas, principalmente debido á persistencia anticiclónica das dúas derradeiras semanas, cando os valores térmicos superaron os 30 °C en Ourense e se aproximaron a ese valor nas Rías Baixas. Nas xornadas do 24 e 26 Ourense rexistrou as temperaturas máis altas de toda Europa. As temperaturas mínimas non acusan tanto as situacións anticiclónicas, dado que os ceos despexados deixaron madrugadas relativamente frías.



Anomalías porcentuais de chuva



Anomalías de temperaturas máximas medias




Anomalías de temperaturas mínimas medias



## MAIO

### Mes seco con temperaturas normais para a época do ano


O mes de maio en Galicia estivo caracterizado polas situacións anticiclónicas, os ventos de compoñente norte e a irregular chegada das chuvias. Esta situación configura un mes seco, pero con temperaturas normais. Así, a primeira semana estivo caracterizada por unha situación intermedia, con chuvias débiles e dispersas nas xornadas do xoves día 4 e o domingo día 7. As temperaturas foron as normais desta época do ano e os ceos presentaron máis nebulosidade no norte que no sur da Comunidade. Entre o día 8 e o 14, a situación foi anticiclónica e polo tanto seca e bastante soleada, acadándose no medio desta situación o mércores día 10 temperaturas agradables, relativamente altas. A terceira semana do mes pasou novamente cunha situación intermedia, con centros de baixas presións no Atlántico que case non chegaban a rozar a Galicia. Isto deixou abundantes nubes nesta semana, pero chuvias escasas, centradas principalmente no día 17, cando se pode dicir que foron xeneralizadas. Na fin desta semana unha fronte algo máis activa conseguiu chegar a Galicia e deixar os días 20 e 21 do mes con chuvias non moi intensas pero si xeneralizadas. A partir dese momento a derradeira semana do mes presentouse netamente anticiclónica e con temperaturas moi altas, particularmente nas xornadas do 27 e 28. Desta forma pódese ver como sobre a península Ibérica as altas presións deixaron anomalías positivas, é dicir, predominaron as altas presións, mentres no Atlántico as anomalías son negativas, debido aos sucesivos centros de baixas presións que practicamente non chegaron a Galicia.



Anomalías de presión a nivel medio do mar

**Precipitación:** As precipitacións durante este mes estiveron en xeral por debaixo da metade da media dos últimos 30 anos en maio. Este comportamento explícase debido á persistencia das altas presións sobre a península Ibérica e o Mediterráneo Occidental, que debilitaron moito as fronteas que chegaron a Galicia.

**Temperaturas:** As temperaturas tiveron un comportamento normal e non se observan tendencias definidas, nin no caso das temperaturas mínimas, nin no das máximas. Soamente na derradeira fin de semana os termómetros ascenderon por riba do normal, superándose en moitos momentos os 30 °C de temperatura, pero o resto do mes non presentara tendencias definidas e, polo tanto, o mes pode considerarse normal no tocante ás temperaturas.



Anomalías porcentuais de chuvia


Anomalías de temperaturas máximas medias

Anomalías de temperaturas mínimas medias

## XUÑO

### Mes seco con temperaturas moi altas durante a primeira semana

O mes de xuño estivo marcado en xeral polas altas presións e a estabilidade atmosférica, que soamente estivo ausente de Galicia entre as xornadas do 11 ao 16, cando un embolsamento de aire frío en altura se situou na vertical de Galicia, deixando fortes treboadas na nosa Comunidade. Dentro das situacións anticiclónicas destaca a dos primeiros sete días do mes, cando o anticiclón se situou sobre a península Ibérica, achegando unha masa de aire procedente do norte de África que fixo subir os termómetros por riba dos 30 °C en toda Galicia, superándose nalgunhas xornadas os 35 °C en puntos da metade sur. A partir do día 8 este anticiclón foi substituído por outro que entrou dende o Atlántico en forma de cuña, deixando ventos de compoñente norte, o cal ocasionou un descenso nos termómetros e a presenza de nubes e algunha chuva illada e ocasional na metade norte. Entre os días 11 e 16 a atmosfera tornouse moi inestable, caracterizándose pola situación potencialmente treboenta, que deixou tormentas intensas en case toda Galicia nalgún destes días. A segunda quincena do mes foi máis estable, repetíndose novamente a situación de anticiclón e ventos de compoñente norte. Esta situación reflíctese




Anomalías de presión a nivel medio do mar


no mapa de anomalías de presión en superficie, con altas presión ao norte de Galicia, tanto no continente europeo como no Atlántico.

**Precipitación:** As precipitacións durante este mes foron en xeral inferiores á media en toda Galicia, aínda que en moitos puntos do interior case chegaron aos valores normais, debido á intensidade das treboadas. Mesmo temos puntos no norte de Lugo onde as chuvias foron superiores ás normais dun mes de xuño.


**Temperaturas:** As temperaturas foron en xeral superiores ás agardadas no mes de xuño, tanto no caso das mínimas como no das máximas. Estas anomalías non son moi notables, posto que unicamente reflicten o efecto da chegada dunha masa de aire procedente do norte de África durante a primeira semana do mes. O resto do tempo predominaron os ventos de compoñente norte, de forma que as temperaturas acadaron valores moi próximos aos agardados nesta época do ano.



Anomalías porcentuais de chuva



Anomalías de temperaturas máximas medias




Anomalías de temperaturas mínimas medias

## XULLO

### Mes seco con temperaturas moi altas en toda Galicia


O mes de xullo estivo marcado polas situacións anticiclónicas e as altas temperaturas en toda Galicia. Nos primeiros días do mes a situación comezou inestable, con aire frío en altura, o que deixou as cinco primeiras xornadas con intervalos nubrados e temperaturas algo máis baixas do normal para o principio de xullo. Tamén se produciron algunhas precipitacións durante estas xornadas, aínda que cun carácter débil e restrinxidas en xeral á metade norte da Comunidade, onde se rexistraron algunhas treboadas na mañá do día 4. A partir do día 6 as condicións foron xa netamente anticiclónicas, deixando doce xornadas consecutivas de ceos despexados. As temperaturas foron ascendendo lentamente e acadaron os valores máis altos a partir do día 13, cando a maior parte de Galicia quedou baixo unha alerta por vaga de calor que se prolongou ata o día 17, xornada que registrou as temperaturas máis altas do mes, con valores que superaron incluso os 40 °C durante a tarde en puntos das provincias da Coruña e Pontevedra. Na xornada do 18 as temperaturas tiveron xa un notable descenso por mor do achegamento das néboas e o cambio dos ventos a compoñente oeste. Durante esta vaga de calor rexistráronse tamén algunhas treboadas illadas, pero de intensidade forte. Entre os días 18 e 31 a situación continuou a ser, en xeral, anticiclónica, aínda que con temperaturas máis suaves. Esta situación soamente se viu alterada nas xornadas do 19 e do 30, coa chegada de frentes de chuvia moi débiles dende o Atlántico. No mapa de anomalías de presión en superficie pode verse a situación de altas presións sobre o continente europeo que bloqueou a chegada de frentes dende o Atlántico.



Anomalías de presión a nivel medio do mar

**Precipitación:** As precipitacións durante este mes foron moi inferiores á media en toda Galicia, aínda que en puntos illados do interior de Galicia as treboadas deixaron unha cantidade de chuvia normal.

**Temperaturas:** As temperaturas foron moi superiores á media dos anteriores 30 anos no mes de xullo, tanto no caso das mínimas como no das máximas. Estas anomalías foron moi notables en toda Galicia. Soamente a provincia de Lugo quedou con valores cerca dos normais, aínda que sempre por riba dos valores medios. Cómpre destacar os valores obtidos en Lourizán (Pontevedra), onde a temperatura media do mes de xullo foi de 21.7 °C, o que establece un novo récord para esta serie de datos, que conta con 50 anos de duración.



Anomalías porcentuais de chuvia


Anomalías de temperaturas máximas medias

Anomalías de temperaturas mínimas medias

## AGOSTO

### Predominio do tempo soleado con altas temperaturas

O mes de agosto estivo novamente marcado polas situacións anticiclónicas, igual que sucedera nos tres meses anteriores, deixando un predominio de ceos despexados e altas temperaturas. Esta situación soamente se viu alterada pola chegada dun centro de baixas presións dende o Atlántico que entre os días 16 e 19 deixou ceos anubrados e chuvias. Desta forma o mes comezou cunha situación intermedia entre altas e baixas presións, que deixou algunha nebulosidade e chuvias illadas, case imperceptibles nas tres primeiras xornadas de agosto. A partir do día 4 a situación xa foi netamente anticiclónica. Ata o día 15 se vivíronse




Anomalías de presión a nivel medio do mar

en Galicia 11 xornadas consecutivas de ceos despexados, altas temperaturas e intensos ventos do nordés. Xa durante a tarde do día 15 comezou un aumento de nubes, que deu paso a catro xornadas de chuvia e temperaturas algo inferiores á media. As chuvias durante estas xornadas foron xeneralizadas e localmente intensas, mesmo con carácter treboento, o que fai que o mes se poida caracterizar como normal en canto a cantidade de chuvia. A partir do día 20 recuperouse a situación anticiclónica, rexistrándose soamente a chegada dunha perturbación moi débil dende o Atlántico


que deixou chuvias pouco cuantiosas no litoral durante a madrugada do 25. Este predominio de situacións anticiclónicas reflíctese nunha anomalía positiva de presión en superficie.

**Precipitación:** As precipitacións durante este mes pódense considerar como normais para o mes de agosto, acadándose incluso valores superiores á media en moitos puntos de Galicia como consecuencia das precipitacións rexistradas entre o 16 e o 19.


**Temperaturas:** As temperaturas foron superiores á media dos 30 anos anteriores en xeral en toda Galicia. Este efecto notouse nas mínimas, pero principalmente nos valores diúrnos, debido á constancia das situacións anticiclónicas. Pódese destacar o valor medio das temperaturas máximas nunha estación das Rías Baixas, como é a de Lourizán, que foi de 29.5 °C, valor que supón o novo récord da serie.



Anomalías porcentuais de chuvia



Anomalías de temperaturas máximas medias




Anomalías de temperaturas mínimas medias



## SETEMBRO

### Calor nos primeiros dez días do mes e tempo inestable na segunda metade


O mes de setembro tivo dúas partes claramente diferenciadas. Os primeiros 10 días foron de predominio anticiclónico con temperaturas moi altas, superiores en xeral aos 30 °C. O día 5 superáronse os records históricos en moitas localidades, superándose os 40 °C en Ourense capital. A partir do día 11 as altas presións comezaron a retirarse e, logo de dúas xornadas de transición, comezaron as precipitacións. As primeiras chuvias nas xornadas do 13 ao 15 non foron moi intensas, pero deixaron aberto o camiño para a chegada de novas fronteiras. Un anticiclón non tan intenso como os dos primeiros días do mes ocupou as xornadas do 18 ao 20. Este anticiclón finalizou abruptamente coa chegada dos restos do furacán Gordon en combinación cunha borrasca moi profunda que se situou ao oeste de Irlanda. Durante a xornada do 21 o protagonismo foi para o vento, con refachos superiores aos 150 km/h en puntos do litoral. A partir desa data, salvo a xornada do 26, que foi seca e soleada, todas as xornadas estiveron marcadas pola inestabilidade e as chuvias. Esta situación de predominio de borrascas a partir do día 11 déixase ver nas anomalías de presión en superficie.



Anomalías de presión a nivel medio do mar

**Precipitación:** As precipitacións durante este mes foron en xeral iguais ou superiores ás agardadas neste mes de setembro. As chuvias dos derradeiros 10 días do mes explican este comportamento. Lugares como as Rías Baixas ou puntos de Ourense, onde as chuvias foron treboentas durante algunha destas xornadas, marcan valores de chuvia superiores aos agardados para este mes.

**Temperaturas:** As temperaturas foron superiores ás agardadas nesta época do ano, debido principalmente ao efecto de arrastre dos 10 primeiros días. Este efecto é máis notable no conxunto do mes para as temperaturas mínimas, debido a que as máximas nos derradeiros 10 días foron en xeral baixas. As anomalías de temperatura máxima quedan máis matizadas debido á situación inestable da segunda metade do mes, que deixou xornadas de ceos nubrados. Cómpre destacar que nos primeiros días do mes se rexistraron temperaturas máximas récord en moitos observatorios, superándose os 40 °C en Ourense capital.



Anomalías percentuais de chuvia


Anomalías de temperaturas máximas medias

Anomalías de temperaturas mínimas medias

## OUTUBRO

### Mes moi extremo, con intensas choivas e temperaturas altas

O mes de outubro estivo claramente marcado pola alta variabilidade, que deixou importantes cantidades de chuvia, con rexistros récord, ou moi próximos aos records dos derradeiros 30 anos, pero tamén altas temperaturas. Así, durante os primeiros 11 días do mes a situación estivo dominada polas baixas presións e os ventos do sudoeste, que deixaron temperaturas suaves, pero intensas chuvias, destacando principalmente as rexistradas o día 2, particularmente no litoral atlántico. Entre os días 12 e 15 as altas presións pasaron a dominar claramente a situación, deixando catro xornadas de tempo seco e soleado. A partir do




Anomalías de presión a nivel medio do mar

día 16 e ata o 26 Galicia viviu dez días consecutivos con tempo moi adverso. Un centro de baixas presións mantívose estacionario fronte da costa portuguesa, moi preto de Galicia, deixando intensas choivas e ventos fortes no litoral. Iso si, estes ventos foron en todo momento de compoñente sur, o que fixo que as temperaturas fosen moi suaves nestas xornadas. En canto ás choivas, destacou claramente o período entre o 19 e o 22, e concretamente estas dúas xornadas, con rexistros que se achegaron aos 100 l/m<sup>2</sup> en puntos do litoral atlántico. A partir do 27, as altas presións, xunto


cos ventos do sueste, deixaron catro xornadas consecutivas de tempo seco e soleado e desta volta con temperaturas moi altas, particularmente na xornada do 29, cando toda Galicia, a excepción do norte de Lugo superou os 25 °C.

**Precipitación:** As precipitacións durante este mes superaron as normais en toda Galicia. As áreas onde se rexistraron máis precipitacións foron a provincia de Pontevedra e o sur da Coruña onde as acumulados deste mes se sitúan entre o dobre e o triplo da media dos 30 outubros anteriores. Nestas áreas os rexistros acumulados neste mes situáronse entre os 400 e os 600 l/m<sup>2</sup>.


**Temperaturas:** As temperaturas foron moi superiores ás agardadas neste mes, mesmo con rexistros récord. Este efecto é notable no conxunto do mes, tanto para as temperaturas mínimas como para as máximas. O predominio de situacións de chuvia con ventos de compoñente sur e as dúas situacións anticiclónicas, particularmente a do período entre os días 27 e 30, deron lugar a un mes con temperaturas ben por riba da media dos 30 anos anteriores. Como exemplo, podemos dicir que na estación de Lourizán a temperatura máxima se situou por riba dos 18 °C durante todo o mes, con 23 xornadas por riba dos 20 °C e cunha máxima absoluta de 28.7 °C o día 29.



Anomalías porcentuais de chuvia



Anomalías de temperaturas máximas medias




Anomalías de temperaturas mínimas medias

## NOVEMBRO

### Mes seco e con altas temperaturas na primeira quincena e chuvias fortes na segunda metade do mes


O mes de novembro tivo dúas partes ben diferenciadas. Os primeiros 15 días estiveron dominados polas altas presións centradas sobre Europa e que achegaron unha masa de aire cálido. Isto fixo que, en xeral, os ceos se presentasen despexados e as temperaturas fosen en xeral altas. A excepción durante os primeiros 15 días atopámola no día 3 de novembro, cando unha fronte pouco activa se achegou a Galicia e deixou algunhas chuvias débiles na metade sur. En canto ás temperaturas, destacan principalmente os días 9 e 10 de novembro, en que as máximas superaron os 25 °C en puntos do litoral. A partir do día 15 a situación cambiou completamente e sucesivas frentes de chuvia foron chegando a Galicia de forma consecutiva, rexistrándose só dúas xornadas de tempo seco nesta segunda quincena, concretamente o 29 e o 30, cando un novo anticiclón centrado ao norte de Francia colleu Galicia no seu radio de acción. Dentro das xornadas de chuvia destacan particularmente dúas, a do sábado día 18 e a do luns día 27. Nesta última data as chuvias acumuladas superaron os 100 mm en puntos das rías de Pontevedra, Arousa e na conca do Umiá.



Anomalías de presión a nivel medio do mar

**Precipitación:** O mes de novembro pódese considerar húmido ou moi húmido en toda Galicia, debido á magnitude das chuvias durante a segunda quincena do mes. O efecto das frentes desta segunda quincena foi menos notable na provincia de Lugo que no resto, pero en xeral toda Galicia quedou con valores superiores aos agardados. En puntos concretos superouse incluso o dobre dos valores medios. Así, por exemplo en Ferrol recolléronse cantidades próximas aos 350 mm, quedando en Ourense cerca dos 300 mm, cando neses puntos a media non supera os 125 mm ou os 100 mm respectivamente.

**Temperaturas:** En canto ás temperaturas, estas foron novamente, igual que sucedera no mes de outubro, moi superiores á media, tanto no valores mínimos como nos máximos. A razón está en que o anticiclón da primeira quincena do mes foi anómalo pola súa posición e deixou altas temperaturas, mentres que na segunda quincena de chuvias os ventos foron predominantemente de compoñente sur, o que deixou os termómetros en valores moi suaves, particularmente as temperaturas mínimas. Só nas dúas últimas xornadas do mes tivemos xeadas febles no interior de Galicia. Cómpre destacar que no observatorio de Lourizán a media das temperaturas mínimas constitúe un novo récord da serie, con 10.7 °C, máis de 3 °C por riba da media esperada.



Anomalías porcentuais de chuvia


Anomalías de temperaturas máximas medias

Anomalías de temperaturas mínimas medias

## DECEMBRO

### Mes cálido e chuvioso nos primeiros e derradeiros días e frío e seco no medio


O mes de decembro caracterízase por valores medios, tanto en chuvia como en temperatura, moi próximos aos normais, pero esta normalidade no valor de chuvia acumulada e temperatura media oculta unha grande variabilidade dentro do mes. Así, os primeiros dez días foron unha continuidade do final do mes de novembro, caracterizado pola chegada de frentes de chuvia moi activos, acompañados de ventos de compoñente sur que deixaron temperaturas moi suaves nestes primeiros días. A partir da tarde do día 10 un potente anticiclón situouse estacionario ao norte da península Ibérica, traendo tempo seco e soleado ata o día 28. Esta tendencia só quedou transitoriamente rota na xornada do día 12 e na tarde-noite do 17 e madrugada do 18, cando se rexistraron algunhas chuvias de carácter débil. Este período anticiclónico de 18 días deixou tamén temperaturas moi baixas debido á longa duración das noites. Isto trouxo xeadas moi importantes no interior de Galicia, particularmente fortes nas madrugadas do 24, 25 e 26 de decembro. A partir do día 29 un centro de baixas presións achegouse novamente a Galicia, deixando unha meteoroloxía caracterizada polas temperaturas suaves e as chuvias, destacando as rexistradas o derradeiro día do mes no litoral atlántico.




Anomalías de presión a nivel medio do mar

